

### O naufraxio de Pedro.

Había unha vez unha aldea á beira do mar que tiña una bonita escola branca na mesma praia.

Unha mañá de abril, a mestra pediulles aos alumnos e ás alumnas que pensaran nalgún personaxe da aldea que lles gustaría entrevistar. E todos contestaron.

- ¡A Pedro! ¡A Pedro! ¡A Pedro!.
- Pero, ¿quen é Pedro? – preguntou a mestra.
- É o único home da aldea que leva turbante en vez de boina- contestou unha alumna.
- E ninguén sabe por que - engadiu un compañeiro.
- Esta ben, pois preparade unha entrevista para Pedro.

Ao día seguinte un grupo de rapaces e rapazas foron á casa de Pedro. O home estaba sentado á porta da casa. O home estaba sentado á porta da casa debullando unhas espigas de millo e co turbante posto.

Despois de saudalo, os rapaces preguntáronlle se o podían entrevistar.

- Claro- dixo Pedro.
- Pedro, ¿por que sempre levas turbante en vez de boina?
- Porque son calvo.
- ¿Si? ¿É por iso?- preguntaron os rapaces moi sorprendidos.
- Ha, ha, ha. Non, claro que non- Pedro riu outra vez.
- Eu, de novo , navegaba nun barco e íamos pescar ao Océano Indico. Un día, unha tormenta fendeunos o barco e afundímonos. Un amigo salvoume a vida.  
¿E que amigo era?- preguntou un dos rapaces.
- Rachid era dun lugar da India. El estaba agarrado a unha táboa e díxome ¡'Aguanta'!. Achegouse a min nadando e salvoume.

Fixéronnos falta tres días para chegar a terra. E cando estabamos no mar , fixemos unha promesa, se nos salvábamos, eu usaría o seu turbante e el a miña boina. Este é o segredo!.

Os rapaces escoitaban impresionados.

- Se algún día ides á India e vedes un home vello con boina, ese é Rachid. Dádelle un abrazo e recordos meus .

Os rapaces e as rapazas prometeron que así o farían e marcharon felices cara á escola.

Preguntas de comprensión lectora.

¿Cómo se chaman os protagonistas do conto?

.....  
.....  
.....

¿Cómo se chama o Océano onde naufragou?

.....  
.....  
.....

¿De qué país é o seu amigo Rachid?

.....  
.....  
.....

Fai un debuxo do conto.